

Nome: Curso:

1 Completa as seguintes frases coas palabras: abella, vertebrado, invertebrado e xirafa.

- O león e a son animais , porque teñen moitos ósos.
- O caracol e a son animais , porque non teñen ósos.

2 Indica de que grupo son os seguintes animais:

- | | |
|------------------|-------------------|
| – Caracol: | – Serpe: |
| – Mosca: | – Galiña: |
| – Ra: | – Vaca: |
| – Quenlla: | – Lombriga: |

3 Marca a única opción que indica un animal con branquias:

- A Oso.
- B Sardiña.
- C Golfiño.
- D Saltón.

4 Marca cunha cruz os animais que son ovíparos:

- | | |
|--|--------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Unha lagarta. | <input type="checkbox"/> Unha pomba. |
| <input type="checkbox"/> Unha bolboreta. | <input type="checkbox"/> Un gato. |

5 Indica o nome e o grupo ao que pertencen estes animais de Galicia:



Nome: Curso:

O CRAM é un centro de recuperación de animais mariños que hai na vila de Ana e Xosé Lois.

Actualmente atenden varias tartarugas, unha gaivota, un cangrexo, un golfiño un polbo e unha quenlla gris.



1 Marca a listaxe cos animais coidados no CRAM que son invertebrados:

- A Cangrexo e polbo.
- B Polbo, tartaruga e quenlla.
- C Cangrexo, polbo e golfiño.
- D Cangrexo, polbo e quenlla gris.

2 Indica a que grupo pertencen os seguintes animais que se coidan no CRAM.

- Tartaruga:
- Gaivota:
- Polbo:
- Cangrexo:
- Golfiño:
- Quenlla:

3 Indica dúas características dos vertebrados:

- Como é o esqueleto?
- Que partes ten o seu corpo?

4 No CRAM non hai insectos. Marca a única frase errónea sobre as características dos insectos:

- A Teñen seis patas e dúas antenas.
- B Teñen cabeza, tórax e abdome.
- C Teñen oito patas e dúas antenas.
- D Transfórmanse en adultos por metamorfose.



Nome: Curso:

Víctor e os seus amigos foron visitar unha exposición de fotografías sobre a vida animal da súa comarca.

Cada fotografía ten o nome da especie que aparece, pero non indica a que grupo pertence.

Tamén hai fotografías de pegadas, ovos, niños e outras estruturas relacionadas cos animais.



5 Nunha fotografía hai unha ra verde que vive nas árbores. Marca a única resposta correcta que indica a clasificación da ra:

- A A ra é un animal vertebrado do grupo dos réptiles.
- B A ra é un animal vertebrado do grupo dos anfibios.
- C A ra é un animal invertebrado do grupo dos moluscos.
- D A ra é un animal invertebrado do grupo dos artrópodos.

6 Noutras fotografías vense animais alimentándose. Contesta:

– Que é un animal omnívoro?

.....

– Que é un animal ruminante?

.....

7 Tamén viron unha gran variedade de niños e de ovos. Marca o único animal desta listaxe que non é ovíparo:

- A Rata.
- B Mosca.
- C Aguaia.
- D Tartaruga.



Nome: Curso:

Na entrada do colexio de Adriana hai un terrario que ten unha parte acuática e outra terrestre.

Cada día hai un grupo de nenos que se encarga de limpar o terrario e de poñer o alimento que sexa necesario.



- 8** Indica o grupo ao que pertencen os seguintes animais invertebrados que hai no terrario:

Lombriga:

Araña:

Mosquito:

Gamba:

Caracol:

Cempés:

Abella:

Tartaruga:

- 9** Como recoñecerías un réptil neste terrario? Marca a única frase correcta:

- A Ten o corpo cuberto de pelos e respira por pulmóns.
- B Ten o corpo cuberto de plumas e respira por pulmóns.
- C Ten o corpo cuberto de escamas e respira por pulmóns.
- D Ten o corpo cuberto de escamas e respira por branquias.

- 10** Adriana fixouse en que no terrario apareceu unha bolboreta e non a puxo ninguén. Contesta:

- Cres que é posible? Por que?

- A que grupo de animais pertence a bolboreta?